

Presentación da materia/módulo

Materia / Módulo	Historia de España 2º Bacharelato	Curso / Ciclo	Curso 2024-25
-----------------------------	--	----------------------	--------------------------

CONTIDOS (Temporalizados por Bloques de contidos e Avaliacións)

1ª Avaliación	<p>1.- Antecedentes históricos da España contemporánea: Prehistoria e Historia Antiga. Historia medieval. Séculos XVI-XVII.</p> <p>2.- Trazos fundamentais do século XVIII. A crise do Antigo Réxime: A) Trazos fundamentais do século XVIII: Sociedade, economía, política. O reformismo borbónico. O pensamento ilustrado. B) A crise do Antigo Réxime: Reinado de Carlos IV. A Guerra da Independencia española, 1808-14. As Cortes de Cádiz e a Constitución de 1812. O reinado de Fernando VII, 1814-1833.</p> <p>3.- A construción do Estado liberal. O Sexenio Democrático. Introducción. A construción do Estado liberal: rexencias 1833-43. As diferentes opcións do liberalismo. A maioría de idade de Isabel II. Etapas do reinado, 1844-68. Causas e desenvolvemento da Revolución de setembro de 1868. As forzas políticas: o auxe do republicanismo. O Reinado de Amadeo de Savoia. A I República.</p>
2ª Avaliación	<p>4.- As transformacións socioeconómicas na España liberal: Introducción. As transformacións da agricultura. Desamortizacións, caso galego. A industrialización. O ferrocarril e o mercado nacional. A evolución demográfica. Da sociedade estamental á sociedade de clases: a) Os novos grupos dirixentes, b) As clases populares. O movemento obreiro: orixe e evolución.</p> <p>5.- A Restauración borbónica. Consolidación e crise: O sistema político: turnismo e forzas políticas marxinas do sistema. O Desastre do 98: antecedentes e consecuencias. Causas socioeconómicas e políticas da crise da Restauración. Etapas e desenvolvemento do proceso de descomposición do sistema. A Ditadura de Primo de Rivera.</p>
3ª Avaliación	<p>6.- A Segunda República e a Guerra Civil española: A proclamación e o período constituínte. O bienio de esquerdas, 1931-33. O bienio conservador, 1933-35. A Fronte Popular, 1936... O estalido da guerra. Causas. A zona republicana. A zona nacional. Fases: operacións militares. Consecuencias da guerra.</p> <p>7.- O franquismo: Características do réxime. Etapa da autarquía. Etapa do “desarrollismo”. Evolución da oposición á ditadura. A crise da ditadura.</p> <p>8.- Transición e democracia: Os inicios da Transición, 1975-78. A consolidación democrática, 1978-82. A Constitución de 1978. Os gobernos da Democracia. España en Europa e no mundo, evolución e cambios na España actual.</p>

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Instrumentos:

Probas escritas	90%	Probas escritas
Outras probas	10%	Textos a revisar, análises comparativas de temas dos séculos XIX e XX, comentarios de documentos históricos (textos, imaxes, táboas, gráficas,...) seguindo as pautas e o prazo indicado pola profesora, que terán como referencia os cambios recollidos na nova proba PAU.

a) Probas escritas:

- Realizarase en cada Avaliación unha **proba escrita**. Dita proba suporá o **90% da cualificación**. As probas poderán constar de: textos a revisar que contarán con dous erros importantes que deberán ser corrixis e explicados de maneira clara e razoada, análise comparativas de temas dos séculos XIX e XX, comentarios de documentos históricos (textos, imaxes, táboas, gráficas...) Dada a extensión do Programa, e para poder afianzar a materia, **en cada exame de Avaliación poderán incluírse contidos, documentos ou textos históricos de repaso das Avaliacións anteriores**. Realizarase en cada Avaliación **unha proba escrita**. Dita proba **suporá o 90% da cualificación**.

- **Especificarse o valor de cada pregunta**, entendendo que se está contestada correctamente levará a puntuación máxima pero, de non ser así, **a puntuación diminuirá en consonancia cuns criterios obxectivos que a docente ten previamente fixados**.

- A **falta de asistencia a un exame** só poderá xustificarse mediante documentación oficial, desta maneira o alumno ou alumna terá dereito a facer un exame correspondente a esa parte da materia. De non existir o xustificante regulamentario, o exame se cualificará con insuficiente cero puntos.

- **Copiar nun exame** (utilizando calquera medio) suporá a retirada inmediata do exame e a súa cualificación con insuficiente cero puntos.

b) Traballos:

- O **10% restante da nota valorará a presentación oral ou escrita** de textos a revisar, análises comparativas, esquemas para a elaboración de comentarios de textos históricas, táboas, imaxes, gráficas, cuestionarios,... e/ou a elaboración dalgún dos temas suxeridos pola CIUG.

- Os alumnos e alumnas de 2º de BAC deben de ter a responsabilidade de cumprir os prazos e as condicións de entrega establecidos pola docente, por iso é importante destacar **que NON se corrixirá** nin se terá en conta para a Avaliación ningún **traballo, exercicio, comentario ou calquera tipo de tarefa que NON se realice en prazo**.

- **No caso de evidencia de "plaxio"** en ditas actividades adoptarase a mesma medida tomada no suposto de copiar nun exame.

Crterios de Cualificación e Recuperación:

- A valoración obtida mediante o seguimento dos instrumentos anteriores permitirá coñecer a **cualificación do alumno/a en cada trimestre do curso**. A **Avaliación estará aprobada cando a cualificación sexa de 5 puntos ou superior**.

- Os alumnos e alumnas que teñan unha **Avaliación suspensa** deberán presentarse a unha **Proba de recuperación** (valorada sobre 10 puntos) con contidos e estrutura semellantes aos da proba escrita de dita Avaliación. **Para preparar** dita proba contarán con **material de reforzo** que lles facilitará a profesora, que estará á súa disposición para as aclaracións pertinentes encamiñadas a solucionar o seu déficit na materia.

- Para a **cualificación da Avaliación Final Ordinaria** empregarase a **media aritmética das notas das tres Avaliacións parciais**, de forma que os alumnos e as alumnas que teñan unha **nota media de 5 puntos ou superior serán superada a materia** e o alumnado que teña unha **media inferior a 5 deberá presentarse a unha Proba escrita** na convocatoria da **Avaliación Extraordinaria** no mes de xuño, que repasará os contidos traballados ao longo do curso.

Avaliación Extraordinaria

- Dende a Avaliación Ordinaria final de 2º de Bacharelato ata o remate do curso realizaranse **actividades de preparación da PAU** para o alumnado que aprobase o curso e desexe presentarse a dita proba, ademais de **actividades de reforzo e recuperación** para o alumnado que deba presentarse á Proba Extraordinaria.

- As probas da **Convocatoria Extraordinaria** celebraranse segundo o calendario que elabore Xefatura de Estudos. A cualificación será a obtida na **Proba obxectiva Extraordinaria**, na que se empregará unha estrutura semellante á das probas escritas realizadas durante o curso e será valorada sobre 10 puntos.